

# O QUE PASABA EN 1977

## NO MUNDO:



En Italia despenalizábase a interrupción voluntaria do embarazo.

O presidente dos Estados Unidos concede a amnistía aos desertores de Vietnam.

En Chile prohibíense todos os partidos políticos excepto o Partido Nacional e dous de extrema dereita.

Estala a guerra civil en Ecuador.


O Orient Express realiza a súa última viaxe.

Morre Elvis Presley, vítima do consumo de drogas enfracuentes.

Estados Unidos e Panamá acordan que este país se fará cargo do Canal de Panamá no ano 2000.

Lánzanse cara a Xúpiter e Saturno as naves Voyager.

## EN GALICIA:



Ocupación das Encrobas despois de importantes mobilizacións campesiñas.

Morren o naturalista Luis Iglesias e o pintor Tino Grandío.

Publicación da novela Dos anos e dos mortos de Anxo Rei Ballesteros. Día das letras adicado a Antón Vilar Ponte.

1º número de "A nosa terra" (3ª época).

Creación da Escola Dramática Galega.

Asemblea de Parlamentarios de Galicia presidida por Antonio Rosón.

500.000 galegos e galegas maniféstanse a prol do Estatuto de Autonomía.



## EN ESPAÑA:



Tres ultradereitistas asasinan a cinco avogados de CCOO no seu despacho da rúa Atocha de Madrid.


Morren 600 persoas nun accidente aéreo no aeroporto Dos Rodeos, de Tenerife.

Legalízase en España o Partido Comunista.

Don Juan de Borbón renuncia aos seus dereitos á Coroa española.

Celébranse en España as primeiras eleccións xerais trala Guerra Civil. Adolfo Suárez, (U.C.D.) é nomeado Presidente.

## EN ELVIÑA:



### Curso 77-78

Inauguración do Instituto con D. Ramón Fraga García como primeiro director, constituíndose a primeira Xunta Directiva. O día 2 de novembro de 1977 inicianse as primeiras actividades docentes. Forman o claustro 18 profesores e a matrícula ascende a 211 alumnos.

Primeira folga de alumnos como protesta pola anulación de convocatorias de exames para alumnos do extinguido 6º de bacharelato

Créase unha comisión de pais de alumnos, presidida por D. Jacobo Meléndez, que asume a tarefa de pór en marcha a primeira APA do Centro.

Varias aulas do Instituto son utilizadas de forma provisoria polo alumnado da escola de formación profesional Diego Delicado, que levaba a cabo obras de acondicionamento nas súas instalacións.

